

Ref.- AEG/axps
664-22

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A PARTICIPACIÓN CONXUNTA NO ESTUDO DAS ENFERMIDADES E A VIXILANCIA DA PREVALENCIA DESTAS NOS ANIMAIS DE ABASTO SACRIFICADOS EN GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela formalizaron o 09/05/23 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante un período de tres anos, contados desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a Consellería de Sanidade e a USC para a participación conxunta en materia de investigación para o control de enfermidades e a vixilancia da prevalencia destas nos animais de abasto sacrificados en Galicia, por unha banda mellorando a identificación das lesións atopadas nos animais de abasto sacrificados en Galicia, así como no establecemento de criterios técnicos contrastados para a súa aplicación en supostos susceptibles de interpretacións diversas dende o punto de vista da seguridade alimentaria e por outra completando algúns eidos das liñas de investigación que permitan establecer relacións epidemiolóxicas cos resultados obtidos e seren empregados na vixilancia e control das enfermidades en animais de abasto con repercusión en Saúde Pública, dentro da estratexia One Health que se segue a desenvolver en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Na obtención de carnes frescas destinadas á alimentación humana, os servizos veterinarios oficiais de Saúde Pública asignados aos matadoiros da nosa Comunidade Autónoma teñen, entre outras funcións, a responsabilidade de ditaminar a aptitude para o consumo das carnes e vísceras procedentes dos animais sacrificados nestes establecementos. Para poder

elaborar o devandito ditame deberán proceder entre outras inspeccións a un exhaustivo exame postmortem das canais e as súas vísceras.

A Dirección xeral de Saúde Pública identificou a necesidade de dotar aos seus inspectores dunha estrutura de soporte para mellorar a capacidade de diagnóstico, tal e como recomenda a Organización Mundial da Saúde (OMS) no seu informe técnico 99: "faise necesario un sistema de probas complementarias para o apoio ao ditame do Servizo Veterinario Oficial durante o proceso de inspección postmortem".

No Departamento de Anatomía, Produción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias da USC, realízanse tarefas docentes e investigadoras no ámbito da Anatomía Patolóxica Veterinaria dos animais de produción, levando a cabo as necropsias docentes e diagnósticas de cadáveres procedentes de granxas, o estudo histopatolóxico das mostras, e o estudo post-mortem de órganos comisados nos matadoiros da comunidade autónoma de Galicia, así coma o desenvolvemento de cursos de formación na patoloxía máis frecuente observada durante a inspección ante-mortem e post-mortem dos animais sacrificados nos matadoiros das Comunidades autónomas de Galicia e Canarias.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada.

